

## RESUMO DA LEXISLACIÓN VIXENTE ACERCA DA XESTIÓN DOS INSTITUTOS DE SECUNDARIA

Os **órganos de goberno** do centro son:

- Unipersoais: o **Director**, o **Xefe de Estudos**, o **Vicedirector** e o **Secretario**. Forman o **Equipo Directivo**.
- Colexiados: o **Consello Escolar** e o **Claustro de Profesores**.

Os órganos de goberno deben garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e favorecer a súa participación real na xestión do centro.

### O Director

É seleccionado por medio de **un concurso de méritos** entre profesoras e profesores que sexan funcionarios de carreira por unha comisión de selección, despois de presentar **un proxecto de dirección**.

A **Comisión de Selección** está composta por **unha inspectora ou un inspector de educación**, **tres profesoras ou profesores do centro** elixidos polo Claustro de profesores e **tres membros do consello escolar** elixidos por e entre os membros do consello escolar que non son profesoras ou profesores.

A comisión de selección debe valorar os méritos académicos e profesionais de cada candidato e os seus proxectos de dirección.

As **competencias** mais importantes do Director son:

- **Dirixir e coordinar todas as actividades** do instituto cara a **consecución do Proxecto Educativo do Centro**.
- **Designar ó Xefe de Estudos, Vicedirector e Secretario**.
- **Executar os acordos dos Órganos de Goberno colexiados**.
- **Convocar e presidir os actos académicos, o Consello Escolar, o Claustro de Profesores e as Comisións**.
- **Favorecer a convivencia** do centro e **garanti-lo dereito de reunión** dos distintos sectores da comunidade educativa.

**O Xefe de Estudos** exerce a **xeatura do persoal docente**, coordina as actividades de carácter académico e docente, facilita a organización do alumnado e impulsa a súa participación no instituto.

**O Vicedirector substitúe ó Director** cando está ausente e **coordina as actividades complementarias.**

## **O Consello Escolar**

**O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.**

A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar está a cargo da **Xunta Electoral. Todos os membros da comunidade escolar son electores e elexibles** (poden votar e poden ser elexidos membros do Consello escolar) **dentro do seu sector.**

O **Consello Escolar** está composto polos seguintes membros:

- a) **O director ou directora**, que será o seu presidente.
- b) **O xefe ou xefa de estudos**
- c) Un concelleiro ou **representante do concello**
- d) **Sete profesores elixidos polo claustro.**
- e) **Tres representantes dos pais ou nais** de alumnos.
- f) **Catro representantes do alumnado.**
- g) **Un representante do persoal non-docente.**
- h) O secretario ou secretaria, que actúa como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

As **atribucións** mais importantes do Consello Escolar son:

- a) Elaborar e aprobar o Proxecto Educativo do Centro e o Regulamento de Réxime Interior.
- b) Decidir sobre a admisión do alumnado.
- c) Aprobar o orzamento.
- d) Aprobar a programación xeral anual e a programación das actividades complementarias.
- e) Resolver os conflitos e impoñer as correccións con finalidade pedagóxica ás condutas do alumnado que perxudiquen gravemente a convivencia do centro.

## **O claustro de profesores**

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre tódolos aspectos docentes do centro.

Está integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que prestan servizo nel.

Os órganos colexiados reuniranse en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reuniranse ó inicio e remate de curso.

## **Proxecto Educativo do instituto**

Os centros disporán de **autonomía para defini-lo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no Proxecto Educativo de Centro.**

O equipo directivo elaborará o Proxecto Educativo do instituto de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo claustro e a Xunta de delegados de alumnos.

O proxecto educativo do instituto será aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Incluirá a organización xeral do instituto, os seus fins educativos e o regulamento de réxime interior, que contén as normas que favorecen a convivencia.